



musicoterapia

A musicoterapia é o emprego profesional da música e dos seus elementos (ritmo, melodía, forma, armonía) como unha forma de incidir nos ambientes médicos, sociocomunitarios, educativos, familiares como un xeito de conseguir melloras nos aspectos físicos, psicolóxicos, emocionais, de comportamento ou espirituais e como medio de acadar maior benestar.

A Organización Mundial da Saúde (OMS) recoñece a importancia das terapias artísticas e da musicoterapia como medio de humanización dos ambientes sociais e sanitarios, e a disciplina artéllase como un conxunto de métodos, estraxias, técnicas e consignas estandarizadas e reguladas según os contextos sociais e políticos das rexións onde se realicen. (WFMT, 2011). Dende o ano 2017 Nelson Quintero especialízase nas intervencións artísticas no ámbito hospitalario empregando a música como principal recurso, ademais e poñer a andar as súas propias iniciativas de musicoterapia social e con persoas maiores en Residencias Públicas e entidades de traballo con persoas con Alzheimer. No ano 2023 comeza a impartir aulas como docente na Área de Extensión Académica da UNED, Pontevedra, e cursa o Master Oficial en Musicoterapia da UNIR (Universidad Internacional de La Rioja).



Nelson Quintero
PRODUCCIONES
Experiencias emocionantes en danza, música e teatro!
Rúa Beiramar 62 Cempto (Pazo) www.nelsonquintero.com (+34) 647 647 404

musicoterapia



Musicoterapia para os nosos maiores

Despois de varios anos traballando con actividades musicais en residencias de maiores de carácter público como a Residencia de Maiores de Campolongo (Pontevedra) ou a Residencia de Maiors de Marín, así como para a Asociación de Familiares de Persoas diagnosticadas con Alzheimer (AFAPD) en Pontevedra e Marín, a nosa metodoloxía busca obxectivos xerais como a mellora do benestar das persoas maiores, e desenvolvemento cognitivo e psicomotriz.

As sesións de musicoterapia grupal con persoas maiores e persoas con Alzheimer estimulan a movilidade, a atención, a memoria a corto e longo prazo, a interacción e vencellos socioemocionais, a autoestima e a mellora da conciencia autobiográfica dos nosos usuarios.

Todo encetado nun concerto participativo e dinámico no que empregamos todo tipo de instrumentos e ritmos, e unha ampla batería de instrumental Orff para a participación dos nosos maiores nas sesións.

Musicoterapia grupal educativa

A través de técnicas como o conto musical, a improvisación creativa ou o emprego de adaptacións do método Nordoff Robbins ou o modelo Mateos-Hernández para secuenciar actividades musicais, armamos unha sesión na que se abordan obxectivos como a cooperación, a atención, a memorización, a discriminación auditiva, a simbolización ou a iniciación á lingua musical.

A musicoterapia como disciplina ten amosado interesantes aplicacións con nenos/as con discapacidades ou otros trastornos como o TDAH ou o TEA.

As nosas sesións grupais, integrando a diferentes colaboradores, e realizadas tanto no ámbito escolar ou infantil, así como en guarderías soen ter moitísimos resultados positivos.

Ponencias divulgativas sobre musicoterapia

Dúas das características básicas do terapeuta como profesional, según Mateos Hernández (2011) é ser un axente de saúde mental na sociedade e un divulgador da Musicoterapia como disciplina.

Deste xeito, ademais de ofrecer regularmente cursos formativos na Área de Extensión Académica da Universidade Nacional de Educación a Distancia UNED, Campus de Pontevedra, ofrecemos charlas, ponencias, debates ou presentacións divulgativas sobre a musicoterapia como disciplina, dende a propia experiencia nos ámbitos hospitalario, social, asistencial ou educativo.